

Posibles dúbidas sobre a xornada única

De seguro que todos e todas temos algunha dúbida respecto á xornada única. Estas son algunhas das preguntas e respostas que é necesario resolver para que non haxa confusión:

A xornada única so beneficia aos profesores?

NON. A xornada única beneficia a toda a comunidade educativa.

Ao profesorado porque poden conciliar mellor a súa vida laboral e familiar pero tamén **ao alumnado** porque poden realizar as tarefas da casa na aula de Polos Creativos con profesorado do centro e mellorar o seu rendemento académico xa que hai unha distribución máis racional das clases, **ás familias** xa que teñen varias opcións para recoller aos nenos e nenas: ás 14:30 h. (antes do comedor), ás 15:15 h. (despois de xantar no comedor), ás 16:15 h (despois do recreo da tarde ou do tempo de estudo na aula de Polos Creativos) e despois das actividades organizadas pola ANPA e Concello, e **ao persoal colaborador de comedor** que tamén se beneficia porque teñen garantido o seu posto de traballo (os pais e nais votan un proxecto que inclúe o comedor polo que ese servizo queda blindado).

Van quitar o comedor escolar?

NON, todo o contrario. O modelo de xornada única é o único que garante a permanencia do comedor escolar. Así lle foi confirmado á directiva da ANPA na reunión que tivo cos responsables da Consellería de Educación fai varios cursos.

Os nenos van botar máis horas no patio?

NON. Botarán menos tempo xa que se reduce o recreo da tarde, o alumnado ten opción de ir á aula de Polos Creativos e ás actividades organizadas polo Concello e ANPA, consecuentemente redúcese o número de nenos e nenas no patio.

O transporte escolar levará aos nenos e nenas ás paradas antes?

NON. Os usuarios de transporte sairán e chegarán á mesma hora que agora. Non hai ningunha modificación respecto ás saídas e chegadas do transporte escolar.